

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 9 DE ABRIL DE 2018

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D^a. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA)

D. Carlos Caaveiro Puentes (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-Grupo Mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e sete minutos do día nove de abril de dous mil dezaioito, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez. Asiste igualmente a Interventora desta entidade, D^a. Ana M^a. Prieto Martínez.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29/01/2018

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade procede á aprobación da citada acta.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 2/2018 AO 3/2018

O Pleno toma coñecemento dos Decretos da Alcaldía 2/2018 e 3/2018, copia dos cales figuran a disposición dos concelleiros/as xunto coa documentación do presente Pleno.

3º.- CESIÓN AO SERGAS DA PARCELA ONDE SE UBICA O CENTRO DE SAÚDE DE NEDA

Visto o acordo plenario de 19 de novembro de 2009, por virtude do cal se acorda a desafectación do Centro de Saúde de Neda.

Visto o acordo plenario de 15 de marzo de 2012, por virtude do cal se acorda a cesión ao SERGAS do Centro de Saúde de Neda.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión ordinaria de 12 de febreiro de 2015, por virtude do cal se procede a segregación de finca en Albarón na cal se ubica o Centro de Saúde de Neda.

Visto o acordo plenario de 26 de marzo de 2015, por virtude do cal se acorda a desafectación da parcela segregada en Albarón, na cal se ubica o Centro de Saúde.

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en sesión ordinaria de 2 de abril de 2018.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

1º.- Ceder gratuitamente ao SERGAS a parcela segregada e desafectada, sita en Albarón, na cal se ubica o Centro de Saúde de Neda, de conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 12 de febreiro de 2015.

4º.-RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RELATIVO AO PROXECTO MODIFICADO “PARQUE DE SUBARREIROS” (POS+2018)

A Xunta de Goberno Local deste Concello de Neda, en sesión ordinaria de 5 de marzo de 2018, adoptou acordo do seguinte tenor literal:

“8.1) Aprobación de proxecto modificado das obras de “Parque recreativo de Subarreiros”, incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”, da Deputación da

Coruña.- Dáse conta de que presentada a indicada solicitude ante a Deputación Provincial da Coruña, formulouse pola Corporación Provincial requirimento a esta entidade para que clarexase a discrepancia observada entre o indicado tanto no Anexo V como no Anexo VI de que non fai falta solicitar autorizacións e o que figura no proxecto de que é preciso solicitar a autorización da Demarcación de Costas do Estado.

Trasladado o asunto aos Servizos técnicos do Concello, procedeuse á emenda do erro contido no proxecto en relación á indicada autorización, xa que non se precisa a mesma.

Coñece seguidamente a Xunta de Goberno do proxecto modificado e, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da “Area Recreativa de Subarreiros” consistindo a modificación única e exclusivamente en que no, parágrafo 4.10 referido aos Informes Sectoriais, indícase que non se considera precisa a previa obtención de autorización da Demarcación de Costas del Estado, toda vez que as obras obxecto do proxecto son as mesmas en base ás que se obtivo a concesión de dito organismo. Toda vez que, por un erro, si se recollía tal necesidade no proxecto inicialmente aprobado.

2º.- Deste acordo darase conta ao Pleno municipal, na primeira sesión que celebre, para a súa ratificación””.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda a ratificación do transcrito acordo da Xunta de Goberno Local.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE RELATIVA A LEI GALEGA DE SAÚDE

A portavoz do grupo municipal, Sra. Pena Barcia, defende a moción do seguinte tenor literal, e coa consideración previa de que *“todas as referencias ao anteproxecto de modificación da Lei galega de saúde, deben ser feitas á <modificación da Lei galega de saúde>”* que hoxe mesmo, 9 de abril de 2018, publica o DOG:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Neda, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción, en relación á

RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de agosto, o Goberno da Xunta de Galicia iniciou un proceso de Reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008. A publicación do anteproxecto aberto a consultas públicas xa provocou as alarmas entre o sector sanitario, ao considerar que, entre outras cuestións, vai supor un novo recorte e unha maior precarización do sistema público de saúde.

En primeiro lugar, esta proposta de reforma limita, facendo inviable, a participación social. Concretamente, modifica a configuración dos órganos de participación social, que, na súa configuración actual, terían permitido realizar funcións esenciais de información previa á aprobación e posterior control das decisións de política sanitaria. Coa modificación do artigo 23 limitan o acceso á información e á documentación existente, co que se condiciona calquera capacidade de control.

A non posta en marcha dos órganos de participación cidadá da Lei de Saúde do 2008, tanto do Consello de Saúde de Galicia como dos Consellos de Saúde de Área, confirma o anterior, xa que o novo artigo 24 introduce modificacións, tanto na súa composición como nas súas funcións, que fan inviable calquera control previo á aprobación ou posterior á execución do Plan de Saúde, contratos de servizos sanitarios, concertos, programas de subvencións, Memoria anual, proxectos de Orzamentos, prestacións e carteira de servizos.

Asemade, os novos artigos 25 e 26, que modifican o Consello de Saúde de Área e crean o Consello asesor de pacientes, deixan pendente de regular a súa composición e funcionamento en normas posteriores.

En segundo lugar, reduce as áreas sanitarias e consolida a exclusión da Atención Primaria. A modificación da lei adapta as Áreas Sanitarias ás actuais Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIS), que creou o goberno do PP, ao tempo que anulaba as Xerencias de Atención Primaria (AP). Deste xeito, preténdese eliminar as áreas sanitarias de A Mariña, Monforte, O Barco e o Salnés, deixando como únicas áreas sanitarias as 7 demarcacións coincidentes coas EOXIS (Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

Paralelamente, coa modificación do artigo 69 crease un novo ámbito territorial, os distritos sanitarios, cada un deles cun Hospital de referencia; os sete comarcais, os 4 das áreas suprimidas (A Mariña, Monforte, O Barco e O Salnés), e os 3 que non sendo área anteriormente contan cun hospital comarcal de referencia (Cee, Barbanza e Verín); e os 7 coincidentes coas cabeceiras das EOXIS (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

O artigo 69 di que: "Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria".

Porén, esta reforma nada apunta en relación á recuperación das estruturas directivas de Atención Primaria, unha demanda unánime do persoal traballador de Atención Primaria. Tampouco se di nada da estrutura dos órganos directivos das Áreas nin dos distritos.

Esta situación obriga a atender unha media de entre 40 e 50 pacientes ao día, o que repercute na calidade da atención e na capacidade resolutiva, e obriga a enviar de xeito innecesario a moitos/as pacientes ao hospital, colapsando as urxencias e incrementando as listas de espera. En algúns Centros de Saúde, a espera para acudir a consulta chega a superar a semana, algo inadmisibile no primeiro nivel asistencial.

En terceiro lugar, consolida o modelo privatizador de coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Así, o capítulo da nova Lei de saúde dedicado á investigación muda dun xeito significativo de nome: do inicial "Da investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia" ao modificado "Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia". Asemade, omítense as referencias ás prioridades marcadas polo "Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", e introduce unha referencia as prioridades marcadas polos plans de investigación vixentes en cada momento -sen aclarar que plans e que papel xoga neles a sanidade pública e a industria privada-, pretendendo así lexitimar o modelo privatizador do coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Neda presenta, a proposta da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN, instando á Xunta de Galicia a:

1. Retirar o anteproxecto de reforma da Lei Galega de Saúde, que perpetúa as estruturas de xestión integrada.
2. Restituír as xerencias de atención primaria e que as dote de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución.
3. Co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, desenvolver a Lei Galega de Saúde do ano 2008."

DEBATE: Sr. Cabezón Lorenzo: se trata de una moción que non é específica para Neda, senón que responde a un argumentario político do PSOE, por iso eu tamén respostarei seguindo o argumentario político do meu partido, do PP.

A Lei de 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, evidencia e pon énfase no carácter

público do sistema. Establece ademais o denominado Sistema de Saúde de Galicia, onde ten lugar o encontro e a complementariedade do sistema público e o sector privado de atención sanitaria; sector privado no que se inclúen os centros, establecementos e servizos de titularidade privada, tales como hospitais, clínicas, farmacias, transporte sanitario, laboratorios e demais provedores privados.

A utilización de recursos privados considérase complementaria e subsidiaria no ámbito do Sistema de Saúde de Galicia.

- ✓ A Sanidade pública galega é 100% pública
- ✓ Os nosos hospitais son 100% públicos
- ✓ A infraestruturas todas son públicas e seguirán sendo 100% públicas
- ✓ O persoal sanitario que presta a asistencia e desenvolve o seu labor nos centros públicos é do Servizo Galego de Saúde

En relación cos concertos cos centros privados, na lexislatura entre o 2005 e o 2009 aumentou un 44%, e desde o ano 2009 conxelouse a partida e desde entón diminuíu nun 8,7%.

Galicia, no 2016, destina un 5,8% do gasto aos concertos coa privada, mentres que outras CCAA como Cataluña dedica un 24,8%, Baleares 11,7%; Madrid 11,7%, Canarias un 10,4% ... Cada C.A ., en función da súa organización e recursos, xestiona como mellor entende esta % e non significa que estea máis ou menos privatizado.

Por outra parte, existen servizos non clínicos, como restauración, lavandería e lencería, limpeza, mantemento e outros similares que se poden realizar por parte de empresas externas, a través de contratos axustados á normativa, tal e como se fai en todos os sistemas de saúde (e tamén noutras institucións) en todas as CCAA, e desde hai moito tempo.

O Sistema Nacional de saúde, e polo tanto tamén o Sistema Sanitario de Galicia, conta cunha carteira de servizos das máis amplas de todos os sistemas sanitarios, e cunhas prestacións asistenciais que son gratuítas para os pacientes cando as reciben (hai copago farmacéutico e algunha outra prestación, pero non de servizos).

A estabilidade dos traballadores é un obxectivo permanente da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, que conta cunha das maiores taxas de estabilidade laboral.

No primeiro semestre deste ano asinouse cos sindicatos un Plan de Estabilidade para os próximos anos que ten como un dos seus obxectivos acadar no Sistema Sanitario Público unha porcentaxe de eventualidade do 5% (fronte o 8% do Estado). Para iso, xa nos últimos anos fomos capaces de ofertar no Sergas 1.606 prazas, e este ano 2017 farase unha nova convocatoria pública de emprego.

Desde a Consellería de Sanidade estase a potenciar a investigación e innovación, e

como proba clara delo está a creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), creada en virtude do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, e que supuxo un cambio nos modelos de xestión do coñecemento.

En todos os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde, ademais de prestar asistencia sanitaria da mellor calidade, realízanse actividades de docencia e investigación, que contribúen á mellora do coñecemento. Temos tres Institutos de Investigación Sanitaria, en colaboración coas tres universidades de Galicia, nos que se desenvolven proxectos de investigación, tanto no ámbito máis local, como en colaboracións internacionais.

Sra. Pena Barcia: me parece increíble que se diga que esta moción no afecta a Neda, ¿es que aquí no hay Centro de Salud?

Desde luego que no se si dio traslado a todos los interlocutores necesarios para esta reforma, pero lo que sí tengo claro es que consenso no hubo para su aprobación, en un tema tan importante como este.

Por otra parte, la moción responde en efecto a un ideario político, de como entendemos la gestión de la salud.

Sr. Pita Galego: despois de dous argumentarios políticos, vou a falar en nome da plataforma en defensa da sanidade pública galega, que en moitos puntos coincide co defendido polo PSOE.

Esta reforma da Lei galega de saúde supón dismantelar hospitais comarcais, fomenta a dobre dedicación pública-privada, non fomenta a investigación, non fala nin ten en consideración as listas de espera ocultas, etc.

Non se atende correctamente en atención primaria do SERGAS pese ao que diga o portavoz do PP, e con esta reforma tampouco se vai resolver este déficit de atención.

Sra. Bouza Bellón: para o BNG esta Lei alonxa todavía máis á cidadanía da saúde pública. A reforma leva a un sistema sanitario máis opaco e menos eficiente. A Lei supedita a prestación sanitaria aos recursos existentes, e ademais castiga aos hospitais comarcais.

Os Consellos de Saúde, que compoñían representantes de todos os eidos sociais, agora saen prexudicados, xerando opacidade.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita moción, con 9 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 votos en contra dos Sres. concelleiros do PP.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE RELATIVA AO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓNS

A portavoz do grupo municipal, Sra. Pena Barcia, defende a moción do seguinte tenor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA ESTABLECER UN SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONES CON MAIOR CAPACIDADE DE REDISTRIBUCIÓN E REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sistema Público de Pensiones constitúe a política pública con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades (o 46%).

As políticas do PP representan unha seria ameaza para o sistema público de pensiones. Coas súas políticas de emprego o Goberno de Rajoy puxo en perigo a sustentabilidade económica das pensiones, que entraron nun período de déficits constantes e crecentes; e co novo mecanismo de revalorización, que se desvincula do poder adquisitivo e co factor de sustentabilidade, que axusta o importe da pensión en función da esperanza de vida, condénase aos pensionistas a un progresivo empobrecemento. E todo iso, fixérono mediante a imposición, sen diálogo social e rompendo unilateralmente o consenso do Pacto de Toledo. Con estas políticas o PP está a preparar o camiño para os Fondos de Pensiones privados, en detrimento do Sistema Público de Seguridade Social.

Os resultados desta política están á vista: progresiva perda de poder adquisitivo das pensiones, sensación de incerteza nos actuais xubilados sobre se o Estado será capaz de pagar as súas pensiones nos próximos anos, sentimento de inxustiza naqueles que contribúen ao sistema pero dubidan de que este lles poida proporcionar unha pensión digna nun futuro a 10 ou 20 anos vista, e desesperanza case absoluta por parte da mocidade en que algún día poidan contribuír e ser protexidos polo sistema.

O PP está laminando o Sistema Público de Pensiones sometendo a un espolio permanente ao Fondo de Reserva da Seguridade Social.

O déficit foi compensado por retiradas masivas do Fondo de Reserva que, de contar con 66.815 millóns de euros a finais de 2011, sitúase, no día de hoxe, en 8.095 millóns de euros, e que se non se esgotou totalmente foi como consecuencia do préstamo de 10.192 millóns de euros do Estado á Seguridade Social contido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2017. A iso hai que engadir as cantidades retiradas do Fondo de Mutuas, por importe de 8.621 millóns de euros nestes anos. En definitiva, necesitáronse fondos por importe de 93.251 millóns de euros adicionais ás cotizacións para poder facer fronte ao pago das pensiones no período 2012 - 2017. O ano 2018 comezou na mesma liña e o PP, no canto de expor medidas serias no marco do Pacto de Toledo e o Diálogo Social, decidiu seguir endebedando á Seguridade Social cun crédito de 15.000 millóns de euros.

O Fondo de Reserva, xurdido da reforma da estrutura financeira da Seguridade Social levada a cabo polos gobernos socialistas en 1989 e recolleito posteriormente como unha recomendación do Pacto de Toledo, estaba previsto para ser usado cando xurdisen as maiores tensións xeracionais sobre o Sistema, en torno ao ano 2023. De non ser utilizado, o Fondo tería hoxe máis de 90.000 millóns, mesmo sen novas achegas, só en base á súa propia rendibilidade. En cambio, de seguir con este ritmo de gasto, a nosa hucha das pensións quedará totalmente baleira no ano 2018. É dicir, vaise a esgotar 10 anos antes do previsto.

Este escenario pon en risco a situación financeira da Seguridade Social e en consecuencia, a garantía non só das pensións actuais senón tamén, e especialmente, das pensións futuras. Por iso é imprescindible adoptar medidas que dean estabilidade ao Sistema.

No PSOE consideramos que o dereito ás pensións e o acceso ao Sistema de Seguridade Social debe considerarse un dereito constitucional e ser incorporado como tal na reforma da Carta Magna que propomos. Para iso, expomos medidas destinadas a garantir o futuro do Sistema Público de Pensións: recuperando o Pacto de Toledo e o diálogo social; aprobando un novo Estatuto dos Traballadores que promova dereitos laborais e emprego de calidade; e establecendo unha fonte complementaria de financiamento das pensións a cargo do PGE, como na maioría dos países da nosa contorna.

Por estas razóns o PSOE defende un novo modelo para reequilibrar o sistema de pensións, mantendo o gasto, racionalizando outras partidas e incrementando os ingresos do sistema.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Neda presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:

1. Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.
2. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.
3. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.

4. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:
 - a) As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.
 - b) Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.

5. Incrementar os ingresos do sistema:
 - a) Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ao rescate do sistema público de pensións.
 - b) Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.

6. Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.

7. Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):
 - a) Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.
 - b) Recuperar a iniciativa legislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.

8. Introducir no Pacto de Toledo, **un novo principio de “reequilibrio orzamentario”**, un concepto que implica unha procura constante de

racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.”

DEBATE: Sr. Cabezón Lorenzo: escoitado o argumentario do PSOE, agora escoitaremos o do PP.

Co Goberno socialista a Seguridade Social perdeu máis de tres millóns de afiliados. Loxicamente esta circunstancia produciu o afundimento dos ingresos. O superávit pasou do +1,31% do PIB en 2008 ao -0,04% do PIB no 2011. Isto supuxo un “desplome” no resultado da Seguridade Social, próximo aos 15.000 millóns (o 1,4 % do PIB).

Os datos, desde a chegada do Goberno do Partido Popular, supoñen unha mellora de todos os indicadores, que pon de manifesto unha evolución positiva en materia de emprego, afiliación, número e contía de prestacións, incremento de ingresos do Sistema e crecemento e control do gasto. En 2017 o déficit sitúase nun 1,62% do PIB e en 2018 farao nun 1,5% do PIB. Estes datos son os que representan máis claramente o cambio de tendencia no sistema da Seguridade Social.

Non é certo, por tanto, que o actual déficit xerouse polas medidas adoptadas polo Goberno desde 2011. Pola contra, adoptáronse numerosas medidas para mellorar os ingresos. De non ser por estas decisións, o déficit en 2017 sería superior, polo menos e como mínimo en 7.000 millóns de euros: +0,6 puntos do PIB.

O mantemento do poder adquisitivo dos pensionistas constitúe un obxectivo fundamental e prioritario dun sistema de Seguridade Social. Iso debe lograrse de forma compatible co obxectivo de sustentabilidade financeira do propio sistema e das posibilidades económicas de España.

O Goberno do Partido Socialista incumpriu a lexislación sobre a revalorización de pensións vixente no seu momento e provocou a maior perda de poder adquisitivo dos pensionistas na historia recente:

- No ano 2011 conxelou as pensións (fóra das mínimas e as do SOVI non concorrentes que revalorizou nun 1%), cando o IPC creceu ese ano un 2,4%.
- Con iso incumpriron a lexislación de revalorización vixente no seu momento conxelando as pensións. Iso provocou a maior perda de poder adquisitivo dos pensionistas na historia recente. O impacto calculado é de 2.060 millóns de euros. A revalorización foi do 0% en 2011 (excepto mínimas) cando o IPC creceu ese ano un 2,4%. A aplicación desta medida supuxo que, de 8,8 millóns de pensións que había no ano 2011, unicamente revalorizáronse 2,7 millóns de pensións, mentres que os 6,1 millóns de pensións restantes quedaron sen revalorizar. Trátase da maior perda de poder adquisitivo da historia das pensións que afectou a preto dun 70% das pensións.

O Goberno do PP modificou o instrumento de revalorización (agora IRP, Índice de Revalorización de Pensións), en liña coas recomendacións do Pacto de Toledo e as orientacións comunitarias, para ter en conta outros factores ademais do IPC para

calcular a revalorización e mantivo o poder adquisitivo (existe unha leve perda do 0,1% no período 2014-2017) das pensións desde a creación do Índice de revalorización de pensións (IRP), se o comparamos coa evolución media anual do IPC. E iso a pesar da crise e da evolución do nivel xeral de prezos ao consumo que en 2017 non tivo unha evolución favorable debido fundamentalmente ao repunte dos prezos enerxéticos.

Doutra banda, desde 2014 a 2017 o número de pensións incrementouse nun 4,45%. En 2014 había 9.164.617 pensións, mentres que en 2017 pechou con 9.572.436 pensións. A contía media das pensións tamén subiu un 7,55%. Así pasou de 862,74 euros a 927,87 euros.

En conclusión, o poder adquisitivo das pensións desde 2014 ata o peche de 2017, que son os anos nos que estivo en vigor o IRP, mantívose á vez que se incrementou o gasto de pensións como demostran os datos de aumento do número de pensións e da súa contía media.

O Fondo de Reserva da Seguridade Social foi creado nos orzamentos do Estado para o ano 2000 (é dicir polo goberno do Partido Popular) co obxectivo de constituír reservas que permitisen atenuar os efectos dos ciclos económicos baixos e garantir o equilibrio financeiro do sistema de pensións, en cumprimento da recomendación 2º do apartado IX do Pacto de Toledo (1995) que sinala: “*O sistema de pensións precisa da constitución de reservas que atenúen os efectos dos ciclos económicos*”. É dicir, foi deseñado para que, en situacións de crises se puidese manter os niveis de cobertura sen recorrer a incrementos de cotizacións.

O Goberno do Partido Popular utilizou o Fondo de Reserva para preservar os dereitos dos pensionistas e non ao contrario. É dicir, utilizouse, exclusivamente, nos termos e condicións previstos pola lei para garantir o pago puntual e preciso das pensións contributivas.

SOLUCIÓN FINANCEIRAS PARA COMBATER O DÉFICIT DO SISTEMA

O Partido Socialista propón o incremento dos ingresos a base dunha “cesta de novos impostos” dirixidos de modo finalista e extraordinario a aumentar os ingresos do sistema de Seguridade Social. Por un lado, esta proposta esquece que nun imposto non hai relación directa entre a persoa suxeita ao imposto e o beneficiario receptor da prestación que se financia e, por outro lado, na actualidade a presión fiscal está na contorna de 38,3% do PIB. Para cubrir o déficit de 17.000 millóns a presión fiscal debería subir entre un 1,4% a un 1,5% do PIB. Deberíase elevar a presión fiscal ata un 39,8% do PIB.

A solución financeira que está a adoptar o Goberno do Partido Popular é, definitivamente a única que enfrenta o déficit, como se demostrou no ano 2017, e faíno a partir do incremento do emprego que provoca o incremento da afiliación e que leva un

incremento na recadación: a afiliación creceu a un ritmo do 3,4%, e a recadación, aínda máis, ao 5,9%.

Por iso , o noso grupo municipal presenta a seguinte emenda transaccional, que de non ser aceptada, votará en contra.

O pleno do Concello de Neda insta aos grupos parlamentarios que integran a Comisión Permanente do Pacto de Toledo a que, dentro dun marco de consenso e diálogo social, cheguen a un acordo que garanta un sistema público de pensións sustentable, equitativo e solidario.

Sra. Pena Barcia: ¿qué entendéis en esa enmienda por “sostenibilidad”?

El fondo de reserva se creó para atender a situaciones de crisis, la cual se desató en 2007 y en 2011 se había incrementado. En el año 2011, Zapatero no congeló todas las pensiones, solo algunas. Pero lo que no se dice es que en 2010 todas las pensiones se incrementaron, y se mantuvieron en 2011 para mantener el poder adquisitivo.

Por otra parte, quiero apuntar, en respuesta a lo solicitado por MOVENEDA en la Comisión Informativa, que la Ley 27/2011 sí que es verdad que necesita una aclaración, aunque no derogarla en su integridad, porque contiene previsiones muy importantes.

Sr. Pita Galego: nós defendemos as ideas da plataforma en defensa das pensións públicas, e para elo, tal e como fixemos na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, presentamos a seguinte emenda á moción do PSOE:

- Constitucionalización do dereito a unha pensión digna e suficiente
- Recuperación do poder adquisitivo perdido
- Derrogación de todas as modificacións realizadas no período 2010-13.
- Derrogación da modificación realizada no artigo 135 da CE
- Traballar a medio e longo prazo nun sistema de pensións dignas, suficientes e para a clase traballadora.

Sra. Bouza Bellón: as dúbidas en torno ás pensións públicas son interesadas, para fomentar a contratación de plans de pensións privados.

Se tomaron medidas tales como o incremento do número de anos para o cómputo das pensións, que pasaron a 25 anos, incremento da idade de xubilación, etc.

En Galicia a situación é crítica, porque as pensións son moi reducidas, e ademais hai copago farmacéutico, subidas da auga, da luz, do gas, e doutros suministros básicos para a vida das persoas.

Por acordo transaccional entre os concelleiros do PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO, se engade á moción a seguinte emenda a proposta do grupo municipal de MOVENEDA:

“Derrogación de todas as modificacións legais realizadas no período 2010-13, en canto non se opoñan ao solicitado na moción”.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita moción coa sinalada emenda de adición, con 9 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 votos en contra dos Sres. concelleiros do PP, e cuxo texto definitivo queda co seguinte tenor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA ESTABLECER UN SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONES CON MAIOR CAPACIDADE DE REDISTRIBUCIÓN E REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sistema Público de Pensiones constitúe a política pública con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades (o 46%).

As políticas do PP representan unha seria ameaza para o sistema público de pensiones. Coas súas políticas de emprego o Goberno de Rajoy puxo en perigo a sustentabilidade económica das pensiones, que entraron nun período de déficits constantes e crecentes; e co novo mecanismo de revalorización, que se desvincula do poder adquisitivo e co factor de sustentabilidade, que axusta o importe da pensión en función da esperanza de vida, condénase aos pensionistas a un progresivo empobrecemento. E todo iso, fixérono mediante a imposición, sen diálogo social e rompendo unilateralmente o consenso do Pacto de Toledo. Con estas políticas o PP está a preparar o camiño para os Fondos de Pensiones privados, en detrimento do Sistema Público de Seguridade Social.

Os resultados desta política están á vista: progresiva perda de poder adquisitivo das pensiones, sensación de incerteza nos actuais xubilados sobre se o Estado será capaz de pagar as súas pensiones nos próximos anos, sentimento de inxustiza naqueles que contribúen ao sistema pero dubidan de que este lles poida proporcionar unha pensión digna nun futuro a 10 ou 20 anos vista, e desesperanza case absoluta por parte da mocidade en que algún día poidan contribuír e ser protexidos polo sistema.

O PP está laminando o Sistema Público de Pensiones sometendo a un espolio permanente ao Fondo de Reserva da Seguridade Social.

O déficit foi compensado por retiradas masivas do Fondo de Reserva que, de contar con 66.815 millóns de euros a finais de 2011, sitúase, no día de hoxe, en 8.095 millóns de euros, e que se non se esgotou totalmente foi como consecuencia do préstamo de 10.192 millóns de euros do Estado á Seguridade Social contido na Lei de Orzamentos Xerais

do Estado de 2017. A iso hai que engadir as cantidades retiradas do Fondo de Mutuas, por importe de 8.621 millóns de euros nestes anos. En definitiva, necesitáronse fondos por importe de 93.251 millóns de euros adicionais ás cotizacións para poder facer fronte ao pago das pensións no período 2012 - 2017. O ano 2018 comezou na mesma liña e o PP, no canto de expor medidas serias no marco do Pacto de Toledo e o Diálogo Social, decidiu seguir endebedando á Seguridade Social cun crédito de 15.000 millóns de euros.

O Fondo de Reserva, xurdido da reforma da estrutura financeira da Seguridade Social levada a cabo polos gobernos socialistas en 1989 e recolleito posteriormente como unha recomendación do Pacto de Toledo, estaba previsto para ser usado cando xurdisen as maiores tensións xeracionais sobre o Sistema, en torno ao ano 2023. De non ser utilizado, o Fondo tería hoxe máis de 90.000 millóns, mesmo sen novas achegas, só en base á súa propia rendibilidade. En cambio, de seguir con este ritmo de gasto, a nosa hucha das pensións quedará totalmente baleira no ano 2018. É dicir, vaise a esgotar 10 anos antes do previsto.

Este escenario pon en risco a situación financeira da Seguridade Social e en consecuencia, a garantía non só das pensións actuais senón tamén, e especialmente, das pensións futuras. Por iso é imprescindible adoptar medidas que dean estabilidade ao Sistema.

No PSOE consideramos que o dereito ás pensións e o acceso ao Sistema de Seguridade Social debe considerarse un dereito constitucional e ser incorporado como tal na reforma da Carta Magna que propomos. Para iso, expomos medidas destinadas a garantir o futuro do Sistema Público de Pensións: recuperando o Pacto de Toledo e o diálogo social; aprobando un novo Estatuto dos Traballadores que promova dereitos laborais e emprego de calidade; e establecendo unha fonte complementaria de financiamento das pensións a cargo do PGE, como na maioría dos países da nosa contorna.

Por estas razóns o PSOE defende un novo modelo para reequilibrar o sistema de pensións, mantendo o gasto, racionalizando outras partidas e incrementando os ingresos do sistema.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Neda presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:

1. Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.

2. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.
3. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.
4. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:
 - c) As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.
 - d) Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.
5. Incrementar os ingresos do sistema:
 - c) Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ao rescate do sistema público de pensións.
 - d) Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.
6. Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.
7. Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):
 - c) Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.

- d) Recuperar a iniciativa legislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.
8. Introducir no Pacto de Toledo, **un novo principio de “reequilibrio orzamentario”**, un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.”
9. Derrogar todas as modificacións legais realizadas no período 2010-13, en canto non se opoñan ao solicitado na moción.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MOVENEDA RELATIVA A XESTIÓN ENERXÉTICA

O portavoz do grupo municipal, Sr. Pita Galego, defende a moción, do seguinte tenor literal:

Don Juan Carlos Pita Galego concelleiro do *Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA*, no Concello de Neda e actuando como voceiro do mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte **MOCIÓN** a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma baseada nos seguintes

FUNDAMENTOS

Ademais da crise socioeconómica que estamos a sufrir dende 2007, o Planeta tamén ten que se enfrontar a outros problemas de igual ou máis importancia. Un deles é o cambio climático e a xestión enerxética. As evidencias científicas e os informes das organizacións internacionais sinalan que é preciso implementar medidas urxentes para a redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, a mellora da eficiencia no consumo e o incremento da produción enerxética de fontes renovables. En caso contrario, as consecuencias do cambio climático seguirán a intensificarse.

A Unión Europea asumiu estes retos nas súas propias políticas, e son innumerables os documentos e textos legais comunitarios que recollen medidas ou peticións para un cambio rápido cara a unha economía hipocarbónica e eficiente.

Así, o Parlamento Europeo defendía, na súa Resolución do 15/12/2010 que a eficiencia enerxética é a mellor forma de reducir as emisións contaminantes e os sobrecustes enerxéticos, e mesmo recoñecía que o principal problema era a falta de compromiso político a prol do cambio de modelo.

Igualmente, dende hai tempo, a UE vén reclamado dos Estados membros o incremento na produción e no emprego de recursos enerxéticos renovables, e mesmo que se promova a produción descentralizada, a escala local.

A propia Estratexia “Europa 2020”, que é o documento principal que marca as políticas fundamentais da UE para o período 2014-2020, sinala que, entre outros obxectivos, a UE ten que acadar en 2020 o triplo 20:

- Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro GEI un 20% (con base en 1990)
- Aumentar a produción de renovables un 20%
- E mellorar o aforro e a eficiencia enerxética un 20%

A Estratexia marca tarefas concretas para todos os niveis administrativos, e indica que todas as autoridades nacionais, rexionais e locais deberían colaborar e asociarse co resto de axentes sociais para acadar os obxectivos perseguidos.

Na mesma dirección, o Comité das Rexións sinala no seu Ditame 2011/C42/02 que os entes locais e rexionais deben asumir o seu papel directivo, tanto na promoción do cambio social individual, como promovendo proxectos e actividades de cara a cumprir cos obxectivos previstos de eficiencia, protección do ambiente e loita contra o cambio climático.

Por outra banda, o Plan de eficiencia enerxética aprobado pola Comisión Europea en 2011 sinala que para acadar os obxectivos da Estratexia Europa 2020, o sector público debe ser o primeiro en dar exemplo e, entre outras medidas, pode facer uso da contratación pública de enerxía para promover a redución no consumo e mellorar os servizos eléctricos.

A mesma Comisión Europea vén promovendo a chamada “Contratación verde”, segundo a cal as Administracións deben empregar a contratación pública para requirir ás empresas contratadas que oferten materiais máis sustentables, ou que teñan métodos de produción respectuosos co ambiente.

Neste contexto, desde MOVENEDA pensamos que as forzas políticas do Concello de Neda deben concordar coas preocupacións e apreciacións indicadas anteriormente e que cómpre facer patente un compromiso a prol da eficiencia enerxética e do uso de fontes renovables de enerxía.

Asemade, debido ás presións políticas e dos mercados contrarias ao cambio, o MOVENEDA considera que o sector público, e nomeadamente este Concello, debe asumir o liderado na implantación das políticas de sustentabilidade, de cara a dar exemplo e propor solucións aos problemas que encaramos.

Por estes motivos MOVENEDA considera que o Concello debe actuar, dar exemplo e promover o consumo de enerxía proveniente de fontes renovables. Dado que

o mercado eléctrico do Estado está dominado por un oligopolio de grandes grupos, que ningunha das compañías meirandes cumpre cos obxectivos mínimos de produción renovable, e que o sistema de tarificación da enerxía non ten en conta as verdadeiras incidencias no ambiente da súa produción, faise preciso procurar outras opcións que ofrezan produtos económica, social e ambientalmente máis sustentábeis.

Neste contexto, temos coñecemento de que recentemente están a crearse cooperativas galegas de comercialización de enerxía renovable. Estas iniciativas xorden a imaxe doutras entidades semellantes que xa existen noutras partes do Estado e da UE. Cómpre salientar que só en Alemaña hai 12.000 cooperativas locais de enerxía, que son fundamentais para a democratización da produción e da distribución da enerxía.

Consonte o artigo 18 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia, as persoas xurídicas públicas, e polo tanto os concellos como tal, poden formar parte das cooperativas como socias.

Polo tanto, MOVENEDA coida que tanto o obxectivo deste tipo de entidades citadas (a comercialización de enerxía “verde”) como a súa propia natureza (entidades de economía social, e polo tanto democrática), son acordes co vieiro estratéxico que debe seguir o Concello de Neda no marco da sustentabilidade, do apoio das enerxías renovables e da economía alternativa.

Por todo o antedito, MOVENEDA realiza a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Que o Concello de Neda se integre como entidade socia nunha destas cooperativas comercializadoras de enerxía “verde” e con natureza de economía social e posteriormente contrate, na medida do posible, diferentes subministracións de electricidade que estean certificados como provenientes de fontes de enerxías renovables

2. Delegar no Alcalde a representatividade do Concello na dita cooperativa, así como a potestade para realizar as xestións precisas para materializar a integración.

3. Instar aos servizos municipais a que se proceda a contratar na entidade que resulte elixida, na medida das posibilidades legais, organizativas e operativas existentes, a comercialización de electricidade certificada de fontes renovables.

DEBATE: Sr. Alcalde: fixemos unha auditoría enerxética, e seguidamente asinamos un convenio con FAEPAC, para facer un estudo e reducir costes na adquisición de enerxía eléctrica; de momento aínda estamos pendentes da realización e entrega do citado estudo.

Sr. Cabezón Lorenzo: estamos de acordo coa moción, cando saibamos como van repercutir estas medidas nos veciños, en canto a aforro.

Sr. Pita Galego: esta moción non so trata do aforro, senón tamén de buscar un modelo enerxético máis social e colaborativo, no que participen empresas do país.

Sra. Bouza Bellón: estamos de acordo coa moción, pendentes do informe de FAEPAC. En canto ás cooperativas, estamos tamén de acordo, xa que aínda que non nos leven a un aforro de custes enerxéticos, seremos máis ecolóxicos.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita moción, con 9 votos a favor dos Sres. concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 abstencións dos Sres. concelleiros do PP.

8º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MOVENEDA PARA MELLORA NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS NO CONCELLO

O concelleiro do grupo municipal, Sr. Caaveiro Puentes, defende a moción, do seguinte tenor literal:

Juan Carlos Pita Galego concelleiro do *Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA* e integrante do *Grupo Municipal MOVENEDA* do Concello de Neda, actuando como voceiro do mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte **MOCIÓN** relativa á ***Moción para mellora na prevención e defensa contra os incendios forestais no Concello*** a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado mes de outubro a lacra dos incendios forestais volveu a devastar parte do noso concello. Un concello no que a superficie forestal supón en torno ó 55% da extensión total do mesmo, e no que a maioría dos montes presentan cultivos de crecemento rápido que ademais carecen dun plan de xestión ou ordenación.

É por isto polo que desde Moveneda consideramos imprescindible poñer en marcha medidas que reforcen a prevención ante os lumes ou que faciliten a súa extinción. Neste senso, e ó amparo do disposto no artigo 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, cremos imprescindible que o Concello de Neda poña en marcha a redacción dun *Plan de defensa contra os incendios forestais* (en adiante PDIF) tal e como se regula nos artigos 13.4 e 16 da lei 3/2007.

Por outra banda, tamén consideramos fundamental e urxente que esta institución vele polo cumprimento das faixas de seguridade con respecto ás vivendas e a outros

tipos de infraestruturas, tal e como se recolle no anexo II da lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coas modificacións que entraron en vigor o día 1 de xaneiro de 2018, e non só para novas repoboacións senón tamén para as plantacións xa establecidas.

Xa por último, e como principal medida de prevención contra os incendios forestais, cremos imprescindible a realización por parte do Concello de charlas e seminarios nas que se aborden, entre outras cousas, técnicas de prevención de lumes, xeitos de proceder logo de que un lume arrase un monte, normativa relacionada co eido forestal (distancias de seguridade, catalogación dos usos do solo), etc.

ACORDOS:

- Con carácter de urxencia; a redacción dun inventario de vivendas situadas a menos de 50 m. dunha plantación forestal de crecemento rápido e a posta en coñecemento d@s propietari@s de ditos cultivos da obrigatoriedade de respectar as faixas de seguridade.
- Avaliación e inventario do estado das pistas municipais que sirvan a terreos forestais e mellora das mesmas para facilitar o acceso á meirande parte do territorio, así como a avaliación da necesidade da creación de novas estruturas de apoio á extinción de incendios tales como balsas de auga.
- Redacción por parte dun titulado universitario forestal dun PDIF que a posteriori deberá integrarse no PLADIGA e nos Planes de Distrito, así como nun Plan de Emerxencias Municipal.
- Realización de cursos formativos para @s propietari@s forestais do Concello de Neda.

DEBATE: Sr. Alcalde: estamos de acordo, é a lei. Quero dicir que tentamos co Distrito Forestal dar unhas charlas informativas, e estamos pendentes de que reciban a correspondente Instrución interna da Xunta de Galicia, relativa á interpretación e aplicación da lei.

Sr. Cabezón Lorenzo: estamo de acordo. Soamente lembrar que durante a nosa Alcaldía tentouse que os veciños cortaran as árbores, para dar cumprimento á lei, e non accederon. Nesta materia, fixemos unha ordenanza para que as pistas forestais se manteñan intactas tras a corta e saca de madeira, fixemos unha balsa de auga na Cobeluda, etc. Por tanto, estamos de acordo coa moción, pero todo isto xa o fixemos.

Sra. Bouza Bellón: estamos a favor, pero moitos dos aspectos da lei son competencia da Consellería de Medio Rural, hai que sabelo. Tamén queremos lembrar que hai que traballar na prevención.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita moción.

9º.- APROBACIÓN ORZAMENTOS 2018

Previo ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Facenda en sesión de 2 de abril de 2018, o Sr. Alcalde explica brevemente o contido do orzamento cuxa cuantía, equilibrada en ingresos e gastos, ascende a preto de 4.700.000 euros.

Seguidamente ábrese **DEBATE:** Sr. Cabezón Lorenzo: son os orzamentos do goberno municipal e nós os respectamos, por iso imos absternos. Simplemente quería preguntar ¿se acorda a baixada do IBI e da subida da taxa de auga, agora que xa temos maiores ingresos?

Sr. Alcalde: non podemos, a empresa concesionario do servizo de auga, négase.

Sr. Cabezón Lorenzo: iso pasaba durante o meu goberno, e sen embargo se criticou.

Sra. Bouza Bellón: porque o contrato, coa modificación que se fixo durante o seu goberno municipal, quedou ben amarrado para que non se puidera tocar.

Sr. Pita Galego: quero facer unha exposición similar á realizada na Comisión Informativa de Facenda do día 2 de abril, tal e como xa consta na correspondente acta de dita Comisión.

A maiores farei varios comentarios. En canto as axudas de emerxencia social, temos mais capacidade económica que en exercicios pasados, e sen embargo seguimos dedicando a mesma cantidade. En axuda escolar se reducen as cuantías.

Por contra, se gastan 35.000 euros en publicidade, que son mais dos que se pagaron en emerxencia social, libros e transporte escolar.

Temos que dicir tamén que resulta necesario contratar mais persoal para o Concello, porque a necesidade existe, e temos partida orzamentaria para elo.

A Base 56ª das de execución do orzamento sigue prevendo 90.000 euros, o cal nos parece excesivo.

Por outra banda, e xa que existe superávit, podíase reducir o tipo de gravame do IBI.

As subvencións nominativas para actividades deportivas siguen cos mesmos destinatarios, e deberían abrirse a outros.

Pedimos tamén a inclusión dunha partida orzamentaria para abordar os gastos de gravación dos Plenos.

Por todo isto, non estamos de acordo cos orzamentos presentados.

Sra. Pena Barcia: teño que dicir a Moveneda que propostas orzamentarias non presentaron ningunha, soamente actuacións.

Dando contestación a cuestións suscitadas tanto na Comisión Informativa de Facenda coma neste Pleno, direi que en eliminación de barreiras arquitectónicas de fixeron

moitas actuacións, e as seguiremos facendo. En adaptación de parques infantís á lexislación, tamén se está traballando continuamente. En limpeza de camiños tamén temos un contrato suscrito.

Se fala da pavimentación do camiño de Latedo, e ao respecto direi que estamos asfaltando moitos camiños, e chegaremos a este.

En canto ás axudas de transporte, este ano non se amplían, porque as incrementou a Xunta de Galicia, e en canto a emerxencia e integración social, se incrementa o gasto nun 27%.

Sra. Bouza Bellón: defendo os orzamentos, cun incremento claro e decidido en gasto social. Están traballados en base ás necesidades e peticións veciñais.

Sr. Caaveiro Puentes: queremos presentar un voto particular aos orzamentos do seguinte tenor literal:

VOTO PARTICULAR NÚM. 1 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE NEDA PARA O EXERCICIO 2018

Carlos Caaveiro Puentes como concelleiro de Grupo Municipal MOVENEDA, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación voto particular número 1 ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas de 2 de abril de 2018 sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Neda para o exercicio 2018:

EMENDA á proposta de acordo

Motivación

Tendo en conta a tramitación reiterada dos orzamentos municipais nos meses posteriores ao vencemento dos orzamentos do ano anterior e a declaración de prórroga dos mesmos, e sendo aprobados finalmente case á metade de ano cun modo de tramitación pouco ou nada efectiva para a participación na súa elaboración tanto por parte dos grupos municipais como do tecido asociativo do Concello, cousa que o noso grupo ven reclamando desde o inicio desta lexislatura, ademáis de ser un dos puntos que levaba o PSOE no seu programa político de campaña electoral, vimos a propoñer un calendario para tratar de fomentar unha participación efectiva na elaboración dos vindeiros orzamentos.

Con esta proposta de calendario tamén tratamos de facilitarlles @s concelleir@s e membros das asociacións o estudo da documentación do orzamento municipal do Concello de Neda e poder realizar así as súas propostas.

Tendo en conta a lexislación vixente en canto a tramitación do orzamento municipal e a reiteración do noso grupo municipal sobre a necesidade da participación veciñal na súa elaboración, presentamos a seguinte **engádega ao ditame:**

Establecer o seguinte calendario para a tramitación do Orzamento municipal do

Concello de NEDA:

1. Aprobación da alcaldía do proxecto de orzamento municipal antes do 31 de outubro: entrega do documento a grupos políticos e asociacións veciñais.
2. Apertura de prazo de 20 días hábiles para presentar emendas de grupos políticos e propostas de participación veciñal.
3. Informe do grupo de goberno sobre emendas de grupos políticos e propostas veciñais antes do 5 de decembro.
4. Debate e votación de emendas e propostas na Comisión de Facenda antes do 12 de decembro.
5. Debate e votación en Pleno do orzamento antes do 22 de decembro.

DEBATE VOTO PARTICULAR: Sr. Alcalde: seguindo ese calendario teríamos un problema coas aportacións aos orzamentos que nos veñen doutras administracións.

Sr. Cabezón Lorenzo: estou de acordo co manifestado polo Sr. Alcalde, pero facer un calendario estaría ben, para que todos os grupos podamos aportar algo.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, no presta aprobación ao voto particular presentado, con 2 votos a favor do mesmo dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA, e 11 votos en contra dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO (BNG e CG).

VOTACIÓN DOS ORZAMENTOS: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 7 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, GRUPO MIXTO (BNG e CG), 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA, e 4 abstencións dos Sres. Concelleiros do PP acorda:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente o Orzamento deste concello para o exercicio 2018 que ascende, nivelado en gastos e ingresos, á cantidade de CATRO MILLÓNS SEISCENTOS NOVENTA E CATRO MIL SEISCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON TRINTA E CATRO CENTIMOS-(4.694.691,34 €).

SEGUNDO.-Aprobar, así mesmo, o cadro de persoal, a relación de postos de traballo e as Bases de Execución do citado Orzamento.

TERCEIRO.-Ordenar a correspondente tramitación para a efectividade deste acordo consonte coas normas establecidas, e polo tanto que se expoña ó público aos efectos de exame polos interesados e, no seu caso presentación das reclamacións, por un prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, todo elo como establece o Art. 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén en primeiro lugar o **portavoz do grupo municipal de MOVENEDA, Sr. Pita Galego**, quen formula o seguintes rogos e preguntas:

1º.- Na acta da Xunta de Goberno Local de 22 de xaneiro de 2018 consta o pago do canon á Demarcación de Costas do Estado en Galicia, en relación coa concesión para instalación dunha cafetería, e queríamos saber como está este expediente.

2º.- Temos pendentes varias ordenanzas (participación cidadá, residuos, usos do edificio da Toeira), e pedimos que se active a súa tramitación.

3º.- Tamén están pendentes os informes que solicitamos con relación aos servizos de limpeza viaria e limpeza e praias, e solicitamos que se nos aporten canto antes.

4º.- Solicitamos a convocatoria da Comisión Informativa de Urbanismo, que non celebra sesións dende o inicio da lexislatura.

5º.- Debería facerse un inventario de contenedores de recollida selectiva de lixo, para colocalos en algúns sitios que se precisan.

6º.- Se están facendo cambios na rotulación dalgunhas rúas, pero había que facer un renovación integral de ditas rotulacións.

7º.- En canto ao contrato con Viaqua hai reparos de Intervención ás facturas que presentan, e non sabemos por tanto, si o que se factura é ou non legal.

8º.- Seguindo con Viaqua, deixaron en mal estado a tubería da Mourela, e tamén a do Basteiro.

9º.- Recibimos os informes sobre o tellado do pavillón polideportivo e sobre a pasarela do Beelle. O certo é que seguimos con gastos da reparación do pavillón, e había que tomar unha decisión en firme

10º.- En canto ao saneamento de San Nicolás, vemos que está funcionando dende marzo, pero queremos preguntar si con ese bombeo xa está todo solucionado.

11º.- Na piscina municipal, despois das obras acometidas o pasado ano, seguen existindo cousas en mal estado.

Seguidamente intervén o **Sr. Alcalde** para dar resposta aos rogos e preguntas planteados:

1º.- A cafetería obxecto de concesión pola Dirección Xeral de Costas non se pode construír, porque non é conforme co Plan Xeral de Ordenación Municipal, así que imos ter que renunciar á concesión.

2º.- En canto ás ordenanzas pendentes estamos traballando nelas.

3º.- Convocaremos hoxe mesmo a Comisión Informativa de Urbanismo, para ver en que situación legal se atopa a empresa adxudicataria dos traballos de redacción, e buscar unha solución legal.

4º.- Me extraña o comentado respecto aos contenedores, porque como se sabe, estamos adquirindo e colocando moitos, así que si progresivamente chegaran o todo o termo municipal.

5º.- Tamén na rotulación de rúas se traballa progresivamente.

6º.- Hai discrepancias en canto ao contrato con Viaqua, por iso existen reparos de Intervención.

7º.- As tuberías do Basteiro e da Mourela, xa lle dixemos a Viaqua que procedese á súa reparación urxente.

8º.- En canto á pasarala do Beelle, retiramos as farolas do entorno porque tiñan humidade e resultaban perigosas.

9º.- En San Nicolás se actuou no saneamento para separar as pluviais das fecais, pero aínda non se eliminaron todos os vertidos existentes.

10º.- Na piscina municipal estamos intentando que a empresa que fixo as obras, deixe todo definitivamente resolto.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e cincuenta e tres minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral

